

A veciña rosmona que vivirá unha increíble viaxe...

A raíña das gaivotas é o primeiro conto letón que se publica en galego. Foi o debut, en 2017, da autora e ilustradora báltica Rūta Briede. Traducido agora por Elīna Brasliņa, Lawrence Schimel e María Reimóndez.



➔ Idade de interese: +5 ➔ Nivel de lectura: +5

TEXTO CONTRACAPA

Esta é a historia de Renata. Ela semella a típica veciña rosmona que sempre está de mal humor polo boureo que fan as gaivotas.

Mais ás veces é certo que nos enrabechamos sen saber por que.

Ou se cadra hai un porqué, só que aínda non sabemos cal é?

Renata verase na obriga de recuperar a memoria do que quixo esquecer. Así será quen de escoitar, no grallar das gaivotas, moito máis ca ruído...

ARGUMENTO

Todo lle molesta a Renata: as gaivotas, a veciñanza, os ruídos... Ata que vive unha viaxe transformadora, de ensoño, de autodescubrimiento. Nacerá nela a comprensión do outro, a empatía, e unha nova mirada sobre as persoas e o mundo.

CLAVES PARA A LECTURA

Transformar a rabia en responsabilidade e empatía.

Por qué nos enrabechamos coas cousas? Todo sería moito máis sinxelo axudándonos, tendo unha mirada máis amable e comprensible cara ás outras persoas.

A protagonista atopará un novo xeito de habitar o mundo, superando os erros e construíndo unha vida mellor.

As ilustracións están feitas con trazos sinxelos, cunha estética de cómic moi atractiva e directa.

Rūta Briede ilustra libros, debuxa cómics, deseña espectáculos de marionetas e ensina na Academia de Arte de Letonia. *A raíña das gaivotas* foi o seu primeiro libro ilustrado, co que logrou, en 2017, amplo recoñecemento internacional o conseguiu o Premio Internacional Jānis Baltvilks ao mellor debut. Rūta é así mesmo directora artística e escenógrafa dun espectáculo de monicreques baseado precisamente nesta historia.



FICHA TÉCNICA 44 pp. 22 x 17,5 cm ISBN: 978-84-18567-34-6

PVP: 16 €

Traducido por Elīna Brasliņa, Lawrence Schimel e María Reimóndez
Capa dura. Papel ecolóxico FSC.

EDITORA
alvarellos

www.alvarelloseditora.gal
981 522 137